



ANPA SAN CRISTÓBAL
CEIP Wenceslao Fernández Flórez
Tel. 881 960 301
anpa.sancristobal@gmail.com
<http://anpasancristobal.blogspot.com.es>



Pola educación dos nosos fillos

- Cales son as finalidades da A.N.P.A?

A A.N.P.A San Cristobal é unha asociación integrada por nais e pais do alumnado do C.E.I.P. Wenceslao Fernández Flórez, sen ánimo de lucro, co obxectivo de xestionar e participar na educación extraescolar dos nen@s do noso colexio, así como facer posible os servizos de Madrugadores e Comedor entre outras tarefas ao longo do ano tales como:

- Organizar actividades formativas complementarias en beneficio de pais e alumn@s.
- Transmitir as opinións e as reflexións das nais e pais sobre o funcionamento cotián do colexio.
- Informar, asesorar e incluso acompañar en caso necesario, aos pais e nais, ante calquera problema que xurda no centro.
- Participar na toma de decisións no Consello Escolar.
- Colaborar co profesorado e promover a calidade educativa.

A asociación de nais e pais desenvolve unha labor **voluntaria e desinteresada**, da que nos beneficiamos tod@s. As persoas que colaboran na asociación utilizan boa parte do seu tempo libre para mellorar a calidade na educación e benestar d@s nen@s..

- Cómo participar na A.N.P.A San Cristóbal?

Existen distintas maneiras de colaborar na nosa ANPA. Primeiramente, facéndose socio, mediante a inscrición e o pago da cota anual de 20€. Asistindo as actividades, actos e reunións convocadas pola ANPA ao longo do ano, onde podeades aportar as vosas ideas e suxestións, ou formando parte da súa Xunta Directiva, onde participaredes de primeira man na toma das decisións.

- Qué beneficios ten ser asociado da A.N.P.A San Cristóbal?

As facilidades para acceder a información e a xestión das diferentes actividades levadas a cabo pola ANPA (comedor, madrugadores, actividades extraescolares, etc.)

Facer posible a realización de todas as tarefas descritas nos puntos anteriores, que sen o traballo da ANPA non existirían.

- Cómo contactar coa A.N.P.A San Cristóbal?

Podedes contactar con nós por correo electrónico e teléfono:

Correo electrónico: anpa.sancristobal@gmail.com

Teléfono: 881.960.301 (Horario durante curso escolar: esta por determinar)

- Tedes toda a nosa información actualizada en redes sociais:

Web: <http://anpasancristobal.blogspot.com.es>

Facebook: Anpa San Cristóbal

Instagram: anpasancristobal

